



Ruta do Monte Alba a Coruxo



VIGO
camiño a camiño

Inicio de ruta



Os autocares de Vitrasa deixannos no aparcadoiro da base do Monte Alba, xunto ao restaurante que leva o seu nome. Dende ahí partimos pola estrada ata o cumio do Alba. Xa é un clásico do Camiño a Camiño comezar subindo...



Tras percorrer uns
200 metros, viramos á
esquerda seguindo a
estrada



Tras outros 400 metros,
viramos de novo á esquerda e
facemos un tramo de senda
que nos leva á subida ao cumio



Dende arriba temos
unhas vistas
magnificas



...collemos á dereita
polo sendeiro



E o seguimos ata os
postes de sinalización
dos sendeiros, onde
collemos á dereita



...por un camiño bastante
empedrado...



Seguimos baixando ata atopar a
presa da Capela, que surte de auga
aos Muiños de Chandebrito. Tras
deixala atrás, chegamos a un camiño
máis ancho que collemos á dereita



O camiño lévanos á estrada
que vai dende o Alba a
Chandebrito. Cruzámola en
dirección ao Castro



Tras seguir o sendeiro estreiro que bordea o Castro, chegamos á baixada ao Muiño



Neste Muiño ensinarannos cómo a auga pode moer o gran



Deixando atrás o Muiño, facemos un tramo de estrada que vai cara ao suroeste. Ao chegar a un cruce, atravesamos a estrada en dirección ao Colexio Estudio



Seguimos por unha subida e podemos coller auga na fonte das Laxes



Camiamos uns 500 metros e ao deixar atrás o Colexio estudio, finaliza a estrada e comeza unha subida con pouca pendente ao parque forestal



E xusto ao adentrarse na parte forestal aparece unha desviación que non tomamos e seguimos recto polas marcas do GR de gran percorrido



E a poucos metros atopamos un cruce que seguimos pola dereita...



...en dirección á Fraga
dos Muiños de Rodas



Neste tramo ide atentos ás
sinais do camiño, pois podeades
atopar marcas que os xabaris
deixan co seu fucioño cando
buscan raíces



Continuamos un tramo e
atavesamos o cortalumes
cara ao Norte



Comeza unha baixada bastante
empedrada e escorregadiza. Tede
moito coidado nos apoios



Pasamos unha estrutura de madeira que cruza o camiño e que ten un uso singular...



En poucos metros a senda chega a outra máis ancha que collemos á dereita



...e tras uns 400 metros collemos de novo á dereita por un tramo da estrada que vai ao campo de fútbol



E cando xa vemos o campo de fútbol, collemos á esquerda por un camiño estreito que vai ao Noroeste, á preciosa Fraga dos Muiños de Rodas



A poucos metros collemos á dereita por un camiño bastante enlameado polo paso dos tractores que transportan a madeira



Bordeamos o muro da finca particular da esquerda e nuns metriños estamos na fraga



Cando chegamos ao río collemos á dereita seguindo as marcas do GR de pequeno percorrido (marcas branca e amarela)



...ollo ás marcas de sendeiro. Xa non saímos delas ata finalizar a ruta



Precioso muiño de cubo
que atopamos na fraga



Tras cruzar un pequeno
regato, accedemos a un
sendeiro máis estable que
pasa por poboación



...e tras uns metros
collemos á dereita pasando
por varios muiños máis, por
un camiño estreito



...e o sendeiriño remata nunha
estrada que debemos coller
á dereita, seguindo as marcas
do GR



...e que chega en breve á
estrada que ven de
Chandebrito, onde collemos
á esquerda



...e chegamos ao fin de ruta, onde
nos esperan os autobuses de
VITRASA para voltar á Praza do
Rei. ¿Gustounos esta ruta?